

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN09	Hixiene bucodental	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0734	Epidemioloxía en saúde oral	2023/2024	4	87	87

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	LETICIA BARCIA CASTRO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do título de técnico superior en Hixiene Bucodental consiste en promover a saúde bucodental das persoas e da comunidade, mediante o desenvolvemento de actividades preventivas e técnico-asistenciais que inclúen a exploración, a avaliación, a promoción e a realización de técnicas odontolóxicas en colaboración co/coa odontólogo/a ou co/coa médico/a estomatólogo/a. Como membro dun equipo de saúde bucodental realizará a súa actividade profesional con criterios de calidade, seguridade e óptimo aproveitamento dos recursos.

As competencias profesionais, persoais e sociais do título de técnico superior en Hixiene Bucodental son as que se relacionan:

- a) Xestionar os ficheiros de pacientes dun gabinete dental para dar resposta ás necesidades de atención requiridas por estes/as.
- b) Previr riscos e optimizar recursos, colaborando na programación de actividades da unidade de saúde bucodental.
- c) Xestionar a adquisición, a reposición e o almacenamento de materiais funxibles, recambios, equipamentos e instrumental.
- d) Asegurar a operatividade das instalacións e dos equipamentos do gabinete, aplicando procedementos e protocolos de calidade establecidos.
- e) Obter e rexistrar datos de saúde e doenza da cavidade bucodental mediante inspección e exploración.
- f) Aplicar técnicas preventivas e asistenciais segundo protocolos establecidos.
- g) Colaborar na obtención de radiografías dentais e técnicas radiolóxicas cumprindo as normas e os criterios de radioprotección.
- h) Planificar e desenvolver as actuacións necesarias para aplicar un programa de seguimento epidemiolóxico a grupos de poboación.
- i) Deseñar e pór en práctica actividades de educación sanitaria para fomentar a saúde bucodental das persoas e da comunidade.
- j) Apoiar psicolóxicamente pacientes e persoas usuarias, para facilitar a realización dos tratamentos bucodentais.
- k) Aplicar técnicas de apoio ou soporte en tratamentos odontolóxicos dentro do equipo de saúde bucodental, para facilitar a prestación de servizos.
- l) Prestar soporte vital básico en situacións de emerxencias, segundo o protocolo establecido.
- m) Adaptarse ás novas situacións laborais, mantendo actualizados os coñecementos científicos, técnicos e tecnolóxicos relativos ao seu ámbito profesional, xestionando a súa formación e os recursos existentes na aprendizaxe ao longo da vida e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.
- n) Organizar e coordinar equipos de traballo no ámbito das súas competencias, supervisando o seu desenvolvemento, mantendo relacións fluídas e asumindo o seu liderado.
- ñ) Comunicarse con iguais, superiores, clientela e persoas baixo a súa responsabilidade, utilizando vías eficaces de comunicación, transmitindo a información ou os coñecementos adecuados, e respectando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.
- o) Resolver situacións, problemas ou continxencias con iniciativa e autonomía no ámbito da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoal e no dos membros do equipo, e comunicar esas incidencias, cando cumpra, ao/á odontólogo/a e aos demais membros do equipo.
- p) Supervisar e aplicar procedementos de xestión de calidade e de accesibilidade e deseño universais nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.
- q) Xerar ámbitos seguros no desenvolvemento do seu traballo e no do seu equipo, supervisando e aplicando os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais, consonte o establecido pola normativa e polos obxectivos da empresa.
- r) Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa e ter iniciativa na súa actividade profesional, con sentido da responsabilidade social.
- s) Exercer os seus dereitos e cumprir a súas obrigas derivadas da súa actividade profesional, consonte o establecido na lexislación vixente, participando activamente na vida económica, social e cultural.
- t) Comprender e incorporar á súa actividade profesional os principios éticos e legais aplicables á atención á saúde e ao uso eficiente dos recursos dispoñibles

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Epidemioloxía e demografía	Obxetivos da epidemioloxía. Demografía estática e dinámica.	12	16
2	Estudios epidemiolóxicos	Tipos de estudos epidemiolóxicos. Etapas e poboación de estudo.	14	17
3	Obtención de datos epidemiolóxicos	Métodos por observación. Datos e fontes secundarias.	15	17
4	Análise de datos epidemiolóxicos	Avaliación de datos. Análise estadística epidemiolóxica.	14	16
5	Indicadores de saúde bucodental	Características dos indicadores. Obtención e cálculo.	16	17
6	Prevención en saúde bucodental	Factores de risco. Factores de prevención en saúde bucodental.	16	17

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Epidemioloxía e demografía	12

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Planifica programas de seguimento e estudos epidemiolóxicos para grupos de poboación específicos, definindo obxectivos e actuacións	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Definíronse as aplicacións da epidemioloxía
CA1.3 Identificáronse os indicadores demográficos máis relevantes
CA1.4 Descríbíronse características demográficas de grupos específicos
CA1.5 Relacionáronse os datos demográficos cos indicadores de saúde bucodental

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Epidemioloxía: definicións; medición de fenómenos; aplicacións.
Demografía: estática e dinámica.
Etapas das investigacións en epidemioloxía.
Interpretación de datos, índices, razóns, proporcións e taxas.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Estudios epidemiolóxicos	14

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Planifica programas de seguimento e estudos epidemiolóxicos para grupos de poboación específicos, definindo obxectivos e actuacións	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.2 Caracterizáronse os tipos de estudos epidemiolóxicos
CA1.6 Definíronse as fases para desenvolver un estudo epidemiolóxico nunha determinada comunidade
CA1.7 Formuláronse obxectivos de estudos epidemiolóxicos para unha determinada comunidade
CA1.8 Selecionouse a poboación de estudo e as variables que cumpra estudar
CA1.9 Enumeráronse as necesidades de recursos humanos e materiais para a actuación que se vaia desenvolver
CA1.10 Interpretáronse os datos obtidos con base en diversos indicadores
CA1.11 Determináronse as accións de información á poboación obxecto de estudo e a outros axentes

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Estudios epidemiolóxicos: características, metodoloxía, clasificación e aplicacións.
Selección da poboación de estudo: variables; recursos.
Planificación e aplicación de estudos epidemiolóxicos.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Obtención de datos epidemiolóxicos	15

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Obtén datos epidemiolóxicos de grupos mediante enquisas e describe as técnicas de realización destas	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícanse as características e as aplicacións dos métodos para obter información
CA3.2 Elaboráronse cuestionarios e modelos de entrevistas
CA3.3 Adaptáronse instrumentos xa deseñados para obter datos
CA3.4 Aplicáronse técnicas de realización de entrevistas e cuestionarios para obter datos
CA3.5 Extraéronse datos de entrevistas e cuestionarios
CA3.6 Consultáronse fontes secundarias para obter información
CA3.7 Rexistrouse en distintos soportes a información obtida
CA3.8 Verificouse a calidade dos datos obtidos
CA3.9 Realizáronse procedementos de adestramento e calibración de examinadores/as
CA3.10 Resolvéronse as posibles incidencias, respectando as normas e os protocolos establecidos
CA3.11 Extraéronse conclusións a partir dos datos obtidos
CA3.12 Determináronse posibles actuacións de acordo cos resultados das enquisas e/ou das entrevistas
CA3.13 Tratouse a información obtida con discreción e respecto

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Métodos de obtención de datos baseados na observación.
Métodos de obtención de datos baseados en enquisas.
Datos secundarios. Fontes bibliográficas e documentos relacionados coa saúde bucodental.
Aplicacións informáticas de rexistro de datos.
Control de calidade na obtención de datos. Erros máis frecuentes.
Análise de datos e conclusións.



Contidos
Adestramento e calibración de examinadores. Variabilidade e fiabilidade.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Análise de datos epidemiolóxicos	14

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Identifica os niveis de saúde bucodental dunha comunidade, interpretando resultados obtidos en estudos epidemiolóxicos	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícaronse métodos de avaliación de datos de estudos epidemiolóxicos
CA4.2 Aplicáronse procedementos de tabulación de datos
CA4.3 Realizouse o cálculo e a análise estatística de datos
CA4.4 Relaciónáronse os hábitos hixiénicos e dietéticos dun grupo de poboación co nivel de saúde oral
CA4.5 Avaliáronse indicadores e/ou índices de saúde oral para describir o estado e a evolución de saúde bucodental dunha comunidade
CA4.6 Elaboráronse informes cos resultados de estudos epidemiolóxicos
CA4.7 Formuláronse hipóteses sobre posibles causas e as consecuencias das alteracións achadas
CA4.8 Comparáronse os resultados obtidos cos doutras investigacións
CA4.9 Respectáronse as normas de traballo e os protocolos establecidos

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Métodos de avaliación de datos.
Índices de saúde oral.
Cálculo e análise estatística de datos.
Elaboración de informes.
Hipóteses comparativas con resultados de estudos similares.



**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Indicadores de saúde bucodental	16

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Determina os niveis de saúde bucodental dunha comunidade, analizando os seus indicadores	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Utilizouse a terminoloxía relacionada coa saúde e a doenza dunha comunidade
CA2.2 Tipificáronse os indicadores de saúde segundo as súas aplicacións
CA2.3 Clasificáronse indicadores de saúde bucodental en tecidos brandos e dentición permanente e temporal
CA2.4 Realizáronse as operacións e os cálculos necesarios para a obtención dos indicadores de saúde bucodental
CA2.5 Avaliouse o nivel de saúde e doenza dunha comunidade mediante os indicadores obtidos
CA2.6 Rexistráronse os resultados obtidos en distintos sistemas
CA2.7 Resolvéronse as posibles incidencias respectando as normas e os protocolos establecidos
CA2.8 Tratouse a información obtida con discreción e respecto
CA2.9 Valorouse a orde e a precisión no desenvolvemento do traballo

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Saúde e doenza. Indicadores de saúde: clasificación.
Saúde bucodental. Odontoloxía comunitaria.
Indicadores de saúde bucodental: características; obtención e cálculo.
Indicadores de tecidos brandos e de dentición permanente e temporal.
Documentación para o rexistro de datos.
Incidencia e tratamento da información.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Prevenición en saúde bucodental	16

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Informa sobre datos epidemiolóxicos en programas de intervención sanitaria e describe as características dos grupos de risco	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Clasifícaronse grupos de poboación polas súas características e os hábitos máis significativos
CA5.2 Identifícaronse poboacións de risco en patoloxía bucodental
CA5.3 Caracterizáronse factores que aumentan o risco de doenza bucodental
CA5.4 Caracterizáronse factores que preveñen e protexen da doenza bucodental
CA5.5 Describiuse a epidemioloxía de doenzas bucodentais
CA5.6 Determináronse os criterios epidemiolóxicos estandarizados, precisando os índices de aplicación, para a avaliación da placa bacteriana, a carie e a doenza periodontal
CA5.7 Determináronse os criterios epidemiolóxicos estandarizados, precisando os índices de aplicación, para a avaliación de maloclusións e necesidades de tratamento específico
CA5.8 Preparouse información para comunicar datos a varios axentes
CA5.9 Relacionáronse causas e consecuencias das doenzas bucodentais
CA5.10 Respectáronse as normas de traballo e os procedementos establecidos
CA5.11 Manifestouse disposición para se adaptar ás características do grupo receptor

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Clasificación de grupos de poboación segundo hábitos e características.
Factores que diminúen e que aumentan o risco de patoloxía bucodental.
Características epidemiolóxicas xerais das doenzas infecciosas e doutra índole.
Epidemioloxía de doenzas bucodentais.
Índices de aplicación para a avaliación da placa bacteriana, a carie e a doenza periodontal.
Índices de aplicación para a avaliación de maloclusións e necesidades de tratamento específico.
Factores de prevención e protección de doenzas orais.
Técnicas de información e comunicación de resultados.
Técnicas de consulta de datos. Fontes bibliográficas. Datos de organismos oficiais.



## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A avaliación será continua durante todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

MINIMOS EXIXIBLES: Serán todos os criterios de avaliación indicados como mínimo esixible para cada Unidade Didáctica citados con anterioridade (Apartado 4c)

### INSTRUMENTOS DE AVALIACION:

En cada avaliación a cualificación calcularase da seguinte maneira:

1. Proba/s escrita/s: 80%. No caso de facer varios exames por avaliación é necesario un mínimo de 5 sobre 10 en cada un deles.

O exame poderá incluír preguntas curtas e/ou tipo test e/ou interpretación de gráficos e/ou resolución de problemas. No caso do tipo test as respostas mal contestadas contan negativo. No caso de que o exame conste de dúas partes poderá ser unha primeira parte tipo test e unha segunda parte de preguntas curtas e/ou problemas e/ou interpretación de gráficos sendo necesario aprobar cada parte por separado para facer o cómputo final.

2. Actividades de aula (exercicios, traballos individuais, fichas, actividades prácticas, simulacións...): 20 %

Cando nalgunha avaliación non se realicen esas actividades, os puntos acumularanse á puntuación do exame escrito. A puntuación final obtida nesta apartado so se sumará se se ten aprobada/s a/s proba/s escrita/s.

Para acadar unha AVALIACIÓN FINAL POSITIVA, o alumn@ terá que superar tódalas avaliacións parciais e poder así considerar aprobado o módulo. Para proceder ao cálculo da nota final do módulo multiplicarase a nota de cada unidade didáctica polo peso establecido no apartado 3.a. da programación A cualificación será un número enteiro. Se o decimal que acompaña á cualificación é inferior a 0.5, o número enteiro resultante será o inmediatamente inferior. Se o decimal que acompaña á cualificación da unidade é igual ou superior a 0.5 o número enteiro resultante será o inmediatamente superior.

O alumno que supere o 10% de faltas NON XUSTIFICADAS das horas totais do módulo perderá o dereito a avaliación continua, tendo que realizar unha proba final extraordinaria sobre os contidos mínimos do módulo.

### OBSERVACIONES:

- 1.- Os exames, ensinaranse ao alumnado que o solicite corrixidos e cualificados, e quedarán arquivados en poder do profesor/a. Do mesmo xeito os traballos e actividades quedarán arquivados en poder do profesor cando éste o considere
- 2.- Segundo o DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar; Non está permitido o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos, salvo en casos excepcionais co consentimento previo do profesor
- 3.- Os alumnos que por superar o número de faltas permitido acade Perda de Dereito a Avaliación Continua pode seguir asistindo a clase igual que o resto do alumnado sempre que o desexe. O profesor valorará se o/a alumno/a pode asistir ou non a determinadas prácticas.
- 4.- En caso de non poder asistir ó centro debido a situación sanitaria actual seguirase o desenvolvemento da programación vía telemática (aula virtual, correo electrónico, videotutoriais...) efectuando as modificacións que considere oportunas o equipo docente.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades de recuperación asistirá o alumnado que non acade os mínimos esixibles .

Proporanse actividades de recuperación para repasar os contidos non superados. Estas poderán consistir en tarefas, cuestionarios, resolución de dúbidas. Realizaranse durante as datas e co horario establecido polo equipo docente.

No mes de xuño realizarase unha proba de recuperación das unidades non superadas. Esta proba consistirá nun exame escrito tipo test e/ou preguntas curtas e/ou problemas e/ou interpretación de gráficos. No caso do tipo test as respostas mal contestadas contan negativo. No caso de que o exame conste de dúas partes poderá ser unha primeira parte tipo test e unha segunda parte de preguntas curtas e/ou problemas e/ou interpretación de gráficos e/ou problemas sendo necesario aprobar cada parte por separado para facer o cómputo final.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perderá o dereito á avaliación continua por acumulación de faltas de asistencia, poderá presentarse a unha proba de avaliación extraordinaria.

A proba de avaliación extraordinaria consistirá en un único exame no que se avaliará sobre todos os contidos impartidos no curso escolar.

O exame poderá incluír preguntas curtas e/ou tipo test e/ou problemas e/ou interpretación de gráficos e/ou resolución de problemas. No caso do tipo test as respostas mal contestadas contan negativo. No caso de que o exame conste de dúas partes poderá ser unha primeira parte tipo test e unha segunda parte de preguntas curtas e/ou problemas e/ou interpretación de gráficos sendo necesario aprobar cada parte por separado para facer o cómputo final.

Haberá que acadar unha cualificación final de 5.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Na propia aplicación informática periódicamente.

Ao final de curso cada docente realizará a Memoria Final do módulo segundo o modelo establecido (MD.85.PRO.04) na que se incluírán tódalas propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso.

Ademais realizarase a avaliación final desta programación didáctica, na que se anotarán toda as incidencias acaecidas ao longo do mesmo.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

- Realización de tests ou preguntas de contestación curta (orales ou escritas) para constatar-os coñecementos previos dos alumnos, e poder avaliar posteriormente a súa progresión.
- Elaboración polo alumnado dun cuestionario facilitado polo departamento de orientación. Esta proba realizarase nos primeiros días de comezo do curso escolar non sendo valorable senón tan só orientativa do nivel do alumnado. O obxectivo é determinar se existe algún caso que exixa medidas de apoio ou necesidades específicas.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Sempre que se dean circunstancias particulares nun alumno/a que dificulten o seu proceso de aprendizaxe ou a súa avaliación faranse as adaptacións curriculares individuais que sexan precisas. Ditas adaptacións constarán por escrito e serán tidas en conta no proceso avaliador. As adaptacións realizadas centraranse nos contidos mínimos establecidos no proxecto curricular do ciclo e o alumno/a deberá acadalos todos para ser avaliado positivamente.

A fin de detectar posibles continxencias o equipo docente manterá unhas reunións avaliadoras. Nesa reunión avaliarase a marcha individual e conxunta e solicitarase ao Departamento de orientación a valoración psicopedagóxica daqueles alumnos nos que se detecte alguna condición que poida dificultar a consecución dos obxectivos como por exemplo:

- Dificultades de relación interpersonal.
- Dificultades de atención.
- Problemas auditivos.
- Problemas visuais.
- Dificultades de lectura.
- Dificultades de comprensión, tanto oral como escrita.
- Dificultades no cálculo numérico.
- Faltas de asistencia sen xustificar.

Prestarase especial atención aos resultados da primeira avaliación e, de ser preciso, adoptaranse as medidas correctoras e de adaptación curricular que se consideren oportunas.

As adaptacións curriculares que se proponen van dirixidas a corrixir deficiencias, se se trata de dificultades de aprendizaxe, e permitir que o alumno/a acade as capacidades terminais correspondentes aos contidos mínimos incluídos nesta programación, e no caso de deficiencias orgánicas procurarase establecer os mecanismos oportunos para facilitar o acceso ás ferramentas de traballo.

No caso en que non sexa posible facer as adaptacións que garanten a consecución efectiva das capacidades terminais mínimas, o equipo docente elaborará un informe detallado que se entregará na xefatura de estudos para a súa tramitación ao equipo psicopedagóxico específico.

No seu caso, proporase ao estudante, a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilidade horaria.

Corresponde ao titor/a do grupo, en coordinación co departamento de Orientación e a implicación do resto do equipo docente, o seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais que se fagan.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

No desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe están implícitos o traballo en grupo, a educación cívica, a igualdade de mulleres e homes e a educación para a convivencia. Estes conceptos, así como o respecto aos compañeiros, profesores, material de laboratorio traballarase a través de diferentes actividades.

Cómpre traballar os seguintes aspectos:

- A necesidade de manter o segredo profesional
- As novas tecnoloxías, TIC, están incluídas nos recursos utilizados e serán de uso común.
- A prevención de riscos e seguridade e hixiene no traballo,
- Educación medioambiental. As materias primas que utilizamos, as transformacións que realizamos (fumes, gases), e refugallo que xeramos, inciden directamente na calidade do medio ambiente.
- O uso de enerxías renovables, a reciclaxe e a sustentabilidade.
- Educación para a saúde

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Valorarase a asistencia do alumnado a actividades complementarias ou extraescolares que teñan relación cos contidos da Familia Profesional, e en concreto co ciclo e co módulo formativo que están cursando.

Concretamente consideraranse actividades tales como:

- Asistencia a xornadas ou congresos.
- Charlas impartidas no Centro Educativo por profesionais acreditados do sector sanitario
- Visitas a eventos do sector...

## 10.Outros apartados

### 10.1) Entrega de tarefas

A aula virtual será a vía fundamental de entrega de tarefas e material. Será responsabilidade do alumnado estar atento a aula virtual do módulo. As tarefas deben ser entregadas nos prazos indicados polo profesor. Toda tarefa entregada fora de prazo non será avaliada. A detección de praxio nas tarefas conleva a unha cualificación de 0 no apartado de actividades de aula.

### 10.2) Material entregado

Queda terminantemente prohibido compartir, copiar, fotografar o material (apuntamentos, imaxes, exames...) empregado polo docente. As medidas a tomar co alumnado que incumpra o establecido serán decididas por todo o equipo docente.

### 10.3) Actividades Programadas

Calquera actividade programada (charlas, saídas, visitas...) que coincida en horario de impartición do módulo terá carácter obrigatorio e poderá ser avaliada.